



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Boletín 39

24-28 xuño de 2024

Informacións académicas

TÍTULO DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE:

Enquisas de Satisfacción coa Titulación

DESTINATARIOS/AS: Estudantado/PDI

ORGANIZACIÓN: Decanato, Centro de Datos e Procesos

DATA/S: entre o 14 de xuño e o 28 de xuño (ambos incluídos).

CONTACTO: centro.datos@usc.gal, filoloxia.decanato@usc.gal

DESCRIPCIÓN:

“Enquisas de Satisfacción coa Titulación” dirixidas ao estudantado e profesorado das titulacións de grao e mestrado correspondente ao presente curso 2023-2024. As persoas destinatarias recibirán un correo electrónico (dende centro.datos@usc.gal) coas instrucións para acceder ao cuestionario.

Actividades académicas

TÍTULO: Curso inicial de Lingua Catalá para estudantes Erasmus e Sicue

DESTINATARIOS/AS: para persoas interesadas en aprenderen a lingua catalá e, especialmente, para estudantes SICUE que se desprazan a universidades de fala catalá. Nese caso os estudantes SICUE teñen a matrícula gratuíta.

ORGANIZACIÓN: Centro de Linguas Modernas, Área de Filoloxía Catalá, Departamento de Filoloxía Galega, Institut Ramon Llull

DATA/S: 25 de xuño-5 de xullo de 2024


LUGAR: Aula B08 Facultade de Filoloxía

HORARIO: de 9.30 a 13 h

CONTACTO: rosa.olle@usc.es

DESCRICIÓN:

Curso intensivo de verán de introducción á lingua catalá, especialmente dirixido a estudantes SICUE con destinación a universidades de fala catalá.



LLUL institut ramon llull

CURSO INICIAL DE LINGUA CATALÁ PARA ESTUDANTES ERASMUS E SICUE

Se vas a estudar nunha universidade de fala catalá, tes inscrición gratuíta.

25/06 — 05/07/2024
– Universidade de Santiago de Compostela

De luns a venres, de 9:30h a 13h
Máis información: rolle@xarxallull.cat



Formulario de inscrición:



Actividades académicas

TÍTULO: Conferencia de Laura Lesta García, do Middlebury College

Recontar a transición en Galicia: o humorismo gráfico de "Can sen Dono"

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: 27 de xuño de 2024

LUGAR: sala de divulgación do ILG

HORARIO: 13:00 – 14:00 h

CONTACTO: marta.negro@usc.gal

LIGAZÓN: <http://ilg.usc.gal/gl/actividades/conferencia-de-laura-lesta-no-ilg>

DESCRICIÓN DA INFORMACIÓN/ACTIVIDAD:

Laura Lesta García, do Middlebury College, falará de Can sen Dono (1983-1991), a primeira revista humorística en galego logo da ditadura franquista. Esta publicación ofrece unha visión da transición que racha co discurso oficialista e conciliador que rodea este período ao comentar de xeito acedo, irónico e crítico cuestións que atinxen a sociedade galega da época. Alén disto, Lesta reflexionará sobre o proceso de investigación ligado aos obxectos culturais, sobre a necesidade de cuestionar o canon universitario e a importancia de incluír voces disidentes nos plans de estudo, e de como a análise da cultura popular axuda a entender de xeito máis profundo o contexto en que se insire

Recontar a transición en Galicia:
o humorismo gráfico de
Can sen Dono

Laura Lesta García
Middlebury College

A MOTO DO LAXE

27 DE XUÑO DE 2024
13:00 H

SALA DE DIVULGACIÓN
INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

USC INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Actividades culturais

TÍTULO: Concurso para o logotipo do 50.º aniversario da Facultade de Filoloxía

DESTINATARIOS/AS: Poderá participar calquera membro ou exmembro da Facultade de Filoloxía (PDI, PTXAS, estudiantado).

Cada persoa poderá presentar un máximo de dúas propostas de forma individualizada.

ORGANIZACIÓN: Facultade de Filoloxía

DATA/S: 28/5-28/6 de 2024

CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

LIGAZÓN: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-logotipo-50o-aniversario-facultade-filoloxia>

DESCRICIÓN:

A Facultade de Filoloxía conmemorará no ano 2025 o 50.º aniversario da súa constitución. Por tal motivo, durante o ano académico 2024/2025 levaranse a cabo distintos actos para celebrar o devandito aniversario, que se irán publicando no momento oportuno. Entre as actuacións ou actividades que se planificaron está a creación dun logotipo de imaxe conmemorativo do aniversario, para o cal se creou este concurso.




Facultade de Filoloxía




Concurso para o logotipo do 50.º aniversario da Facultade de Filoloxía

A Facultade de Filoloxía conmemorará no ano 2025 o 50.º aniversario da súa constitución. Por tal motivo, durante o ano académico 2024/2025 levaranse a cabo distintos actos para celebrar o devandito aniversario, que se irán publicando no momento oportuno. Entre as actuacións ou actividades que se planificaron está a creación dun logotipo de imaxe conmemorativo do aniversario, para o cal se creou este concurso.

 Bases

 Escrito explicativo

 Datos da persoa participante

 Declaración de pertencer actualmente ou no pasado á Facultade

 Formulario



Usamos cookies neste sitio para mellorar a súa experiencia de usuario

Informacións culturais

TÍTULO: Chamada de poemas para a revista Dorna

ORGANIZACIÓN: Consello de redacción da revista Dorna

DATA/S: ata o 30 de xuño

CONTACTO: revista.dorna@usc.gal

LIGAZÓN:

https://nubeusc-my.sharepoint.com/:w:/g/personal/jorge_rodriguez_duran_usc_es/EVBj1hH-q7RMsaqF0xJFNDQB1t3FWOMdFN7kB1sGAtS1-Q?e=bmAQBy

DESCRICIÓN:

Todas as persoas que queiran facernos chegar as súas composición tanto para a sección monográfica (de temática LGBTQ+ e/ou sexualidades non-normativas para este número), como para a sección miscelánea, que será de temática aberta, poden contactar coa revista antes do 30 de xuño de 2024, enviando o súa obra a revista.dorna@usc.gal nun arquivo .doc e nun PDF adxunto no que tamén apareza o seu nome e apelidos (especificar nome artístico que asinará o texto no caso de ser distinto), título e email de contacto as súas creacións para a consideración do Consello de Redacción. A extensión aproximada será de 1 a 3 páxinas. A comunicación de propostas aceptadas farase a finais do mes de xullo.

CHAMADA de textos **DORNA 46**

Que podes enviar?

un texto ou un conxunto de textos de expresión poética para:

Sección monográfica
arredor de temática LGBTQ+
e/ou sexualidades non-normativas.

Sección miscelánea
de temática aberta

extensión de 1 a 3 páxinas

Como podes enviar?

nun arquivo .doc e PDF cos teus datos

até o 30 de xuño de 2024

revista.dorna@usc.gal

Podes seguirmos nas redes e
consultar as bases completas aquí



Actividades académicas

TÍTULO: Curso de verán. Humanidades Dixitais: recursos, ferramentas e servizos

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: 15-18 de xullo de 2024

LUGAR: Aula C01 da Facultade de Filoloxía

HORARIO: 09:00 – 17:30

CONTACTO: vitor.miguez@usc.gal

LIGAZÓN: <https://ilg.usc.gal/gl/curso-veran-humanidades-dixitais-2024>

DESCRICIÓN:

Este curso de verán da USC proporcionaralle ao alumnado os contidos e competencias necesarios para a posta en marcha ou para a participación en proxectos de innovación dixital no ámbito das Humanidades e das Ciencias Sociais. Asemade, permitiralle achegarse a diferentes proxectos de Humanidades Dixitais, particularmente os desenvolvidos en Galicia, así como coñecer as infraestruturas dixitais de investigación DARIAH e CLARIN.

Prazo de matrícula: do 15 de maio ao 5 de xullo

UNIVERSIDADE DE VERAN 2024

HUMANIDADES DIXITAIS:

recursos
ferramentas
e servizos

15-18 de xullo
2024

Aula C01
Facultade de Filoloxía
USC

Organización: USC UNIVERSIDADE DE VERAN 2024, CIIUS, USC FACULTADE DE CIENCIAS DA LINGUAGEM E CULTURA

Financiamento: CLARIN, XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Actividades culturais

TÍTULO: X Edición do Concurso Literario Mazarelos

DESTINATARIOS/AS: alumnado de grao, mestrado e doutoramento que estea matriculado en calquera titulación da USC, ou ben investigadoras/es que estean contratados na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, em calquera momento do ano 2024 anterior á finalización do prazo de presentación

ORGANIZACIÓN: CNL da Facultade de Filoloxía

DATA/S: 15 de abril-30 setembro de 2024 (entrega de orixinais)

CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

LIGAZÓN: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos>

DESCRICIÓN:

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e de desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuír a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.

Consulta as bases na ligazón indicada arriba e ánimoate a participar!



X Concurso literario Mazarelos (2024)

1.º premio: 600 €	Aberto a todo o estudantado da USC e a investigadoras/es contratadas/os
2.º premio: 500 €	
3.º premio: 400 €	Prazo de presentación ata 30 de setembro de 2024

Información e bases:

www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos
www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-normalizacion-linguistica



Actividades académicas

TÍTULO: IV Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico (SIALNI4)

ORGANIZACIÓN: Comité organizador do SIALNI4

DATA/S: 3-4 de outubro de 2024

LUGAR: Facultade de Filoloxía (USC)

HORARIO: Pendente

CONTACTO: ilg.sialni4@usc.gal

LIGAZÓN : <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/SIALNI4>

DESCRICIÓN:

O IV Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico (SIALNI4), que se celebrará os días 3 e 4 de outubro de 2024 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, quere seguir o espírito das tres anteriores edicións, que tiveron lugar nas Universidades de Xénova (2021), Oviedo (2022) e Salamanca (2023), e aspira a converterse nun lugar de encontro de referencia para os académicos que se dedican á investigación da realidade lingüística do noroeste ibérico.



The poster features a central image of a red compass with a white face and black markings, set against a light blue background. The compass needle points towards the top-left. The words "SIMPOSIO INTERNACIONAL" are written in a large, white, sans-serif font, curving around the top and sides of the compass. Below the compass, the text "Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico" is written in a bold, black, sans-serif font. At the bottom of the poster, the dates "3-4 de outubro de 2024" and the location "Facultade de Filoloxía (USC)" are displayed. The footer contains logos for the organizing institutions: USC (Universidade de Santiago de Compostela), Grupo FILGA (GI-1743), and the Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades). A QR code is located in the bottom right corner, labeled "Información" and "Inscripción".

IV SIMPOSIO INTERNACIONAL

Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico

3-4 de outubro de 2024
Facultade de Filoloxía (USC)

Organización: USC INSTITUTO DA LINGUA GALEGA Grupo FILGA (GI-1743)

Financiamento: XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Información Inscripción

Actividades académicas

TÍTULO : III Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: 8 de novembro de 2024

LUGAR: Salón de graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: 09:30 – 18:30

CONTACTO: marta.negro@usc.gal


LIGAZÓN : <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/III-xornada-variacion-cambio>

DESCRICIÓN:

Esta xornada, organizada polo Instituto da Lingua Galega da USC e o Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro, ten como obxectivo promover e difundir traballos do campo da variación e o cambio lingüístico. Serán aceptadas propostas que traten calquera aspecto relacionado con esta área de investigación, se ben serán moi benvidas aquelas que aborden algunha das seguintes liñas temáticas:

- Actitudes e ideoloxías sobre a variación e o cambio lingüístico
- Variación lingüística no ensino de linguas
- Variación e cambio lingüístico en situacións de contacto
- Propagación de procesos de variación e cambio lingüístico

Envío de resumos: antes do 30 de xuño



Outras informacións

TÍTULO: Caixa da Comisión de Normalización Lingüística de Filoloxía

ORGANIZACIÓN: Comisión de Normalización Lingüística de Filoloxía

CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

LIGAZÓN: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/caixa-cnl-achegas-normalizacion-linguistica>

DESCRICIÓN:

Prezadas e prezados membros da Facultade de Filoloxía

Comprácenos informarvos de que na nosa páxina web incluimos unha caixa da Comisión de Normalización Lingüística de Filoloxía para recibir nela achegas, alén de conter tamén outras informacións da propia CNL.

Polo tanto, animámosvos a utilizar este medio para presentardes suxestións, informacións, queixas, comentarios... que contribúan á normalización da lingua galega na Facultade, na Universidade e na sociedade.

Caixa da CNL: achegas para a normalización lingüística

Na Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da Facultade de Filoloxía ofrecemos este espazo para poderen achegar comentarios, suxestións, queixas... que contribúan á normalización da lingua galega.

Ligazón para efectua-la achega
(correo electrónico da Facultade)

CNL: Quen somos

Información da CNL (Intranet)


Concurso literario Mazarelos



FACULTADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía está en X e en Instagram!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



← **Filoloxía USC**
119 posts



Edit profile

Filoloxía USC
@filoloxia

Conta oficial da Facultade de Filoloxía da USC

📍 Santiago de Compostela usc.es/gl/centros/fil...
📅 Joined September 2020

facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

twitter.com/filoloxia

A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc_filoloxia



@buscfiloloxia
